



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario A protección do denunciante: Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

CONVOCATORIA: Webinario A protección do denunciante: Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

GRUPO: Economía Pública (Cursos Superiores e Xornadas)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 30/06/2022 - 08:00h ao 03/07/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: CASAL VALIÑO, MARÍA PILAR [maria.pilar.casal.valino@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A Directiva (UE) nº 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión, abriu un período de adaptación normativa e executiva que tiña como finalidade incorporar as súas previsións, previsións que o sector público debería cumprir antes do 17 de decembro de 2021.

Un dos instrumentos substantivos do sistema institucional deseñado para a protección do denunciante é a posta en marcha de canles internas efectivas para a tramitación das denuncias, poñendo en marcha as vías adecuadas para a súa tramitación e garantindo a protección do denunciante.

A directiva establece as normas mínimas para que os Estados membros introduzan e manteñan as disposicións que sexan máis favorables, polo que os distintos niveis da Administración deben regular o seu deseño e adopción dentro do marco de integridade institucional. Neste sentido, este webinario pretende dar a coñecer o contido da Directiva e o Plan de prevención de riscos de xestión que adoptou a Comunidade Autónoma de Galicia a finais do ano 2021 e que está plenamente vixente.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

De acordo con este obxectivo, trataranse os seguintes contidos:

- A Directiva (UE) nº 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión.
- A integridade institucional e o avance da Administración pública en España.
- O estado da cuestión na Comunidade Autónoma de Galicia: Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, aprobado o 10 de decembro de 2021.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 05/07/2022 a 05/07/2022

NUM. PRAZAS: 100

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

MARIA CADAVAL SAMPEDRO